

**ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE CANIDO
DO DÍA 11 DE MAIO DE 2016**

No salón de actos do Centro Cívico de Canido, situado na rúa Poeta Pérez Parallé s/n, Ferrol, sendo as 19:15 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de Canido cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro e Andrea Rico Adegas da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	70	Nº de homes:	29
		Nº de mulleres:	41

Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación dá a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Olalla López Barro e a Andrea Rico Adegas da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de Canido tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Dase conta á asemblea das candidaturas que se presentaron con anterioridade á celebrarse esta e que foron as seguintes:

CANDIDATURAS VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título inividual	Rico Lagarón Elia García Hidalgo María Begoña
En representación de entidades	Rodríguez Martínez Daniel

CANDIDATURAS REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
Castro Fernández Avelino Moreira Vales Remedios Pita Carretero César Zaera Ríos Eliseo

Procedese a efectuar a votación para a elección dos cargos, agás no caso da vicepresidencia da asemblea de barrio en representación de entidades onde so hai unha candidatura, acadándose os seguintes resultados:

RESULTADOS DAS VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DAS VICEPRESIDENCIAS DA ASEMBLEA DE BARRIO

A título inividual	Rico Lagarón Elia (5 votos) García Hidalgo María Begoña (60 votos) Nulos (4 votos)
--------------------	--

RESULTADOS DAS VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA

Castro Fernández Avelino (5 votos)
Moreira Vales Remedios (4 votos)
Pita Carretero César (64 votos)
Zaera Ríos Eliseo (62 votos)
Nulos (1 voto)

As persoas elexidas para ocupar os cargos son por tanto as seguintes:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO

A título inividual	García Hidalgo María Begoña
En representación de entidades	Rodríguez Martínez Daniel (Asociación sociocultural Muño do Vento)

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA

Pita Carretero César
Zaera Ríos Eliseo

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de Canido e que a modo de resumo son os seguintes:

- Posta en funcionamento do Centro Cívico.
- Establecemento dunha liña de buses que relacione o barrio co Complexo sanitario Arquitecto Marcide.
- Rescate e sinalización da toponimia do barrio. Galeguización dos letreiros en castelán.
- Soterramento de contedores.
- Enganche dos contedores soltos en superficie.
- Instalación de marquesiñas nas paradas do bus urbano dotadas con bancos e un deseño común.
- Rozamento das silveiras e campos públicos e privados, enfrontando os problemas da presenza de ratas e gatos.
- Mantemento de prazas e xardíns.
- Arranxo da baixada (escaleiras) de Doutor Fleming para Amboaxe (confluencia das rúas Rampa e Méndez Núñez).
- Establecemento dunha zona ben definida e segura para os peóns na rúa Celso Emilio Ferreiro.
- Arranxo xeral das beirarrúas, corrixindo as barreiras arquitectónicas aínda presentes.
- Dotación tendente a favorecer o uso público da praza pavimentada que existe en Poeta Pérez Parallé e que carece dun uso axeitado na actualidade.
- Realización dun censo de casas en ruínas e establecemento dun plano de actuación para a súa recuperación e a seguridade viaria.
- Busca de superficies para apargamentos alternativos, públicos e gratuítos.
- Reparación e substitución de elementos defectuosos na superficie deportiva existente detrás de Larlasa.
- Recuperación dun edificio singular como é o da Casa do Patín, localizando as pezas de cantería que faltan (esquina Gabriel Vázquez Seijas/Atocha).
- Atención e vixilancia do estado do chalet de Canido e desenvolvemento dun plano para recuperalo para a vida social do barrio.
- Solución aos terreos na parte traseira do Centro Cívico de Canido porque a estrada pasou gratuitamente por enriba dos terreos, asoballando os dereitos da xente. (Plan parcial de Canido, dificultade para edificar).
- Puntos de alumeadado público.
- Retirada das antenas de telefonía móvil
- Recuperación do Cristo da Tahona.
- Fonte no parque do Cruceiro de Canido.

Un dos veciños presentes interven para denunciar a desigualdade entre barrios así como pregunta que ocorre coas minorías dentro dun barrio.

Plantexa o tema do baleirado das fosas sépticas que afecta a unha minoría de poboación dentro

do barrio e entende que neste caso existe unha marxinação pois non se toma coma unha das prioridades do barrio por afectar so a unha minoría de poboación dentro do barrio.

Suxire que a asemblea debe priorizar as propostas por necesidades básicas e deben de mirar porque se satisfagan as necesidades básicas como pode ser o caso do saneamento que afecta a unha minoría non representada.

Con relación a este tema interven outro dos veciños asistentes manifestando que é certo que se deben de implementar mecanismos que permitan recoller a opinión das minorías e entende que é función das vicepresidencias do barrio trasladar a voz das minorías.

Plantexase tamén como habilitar dende a propia asemblea mecanismos para que se atendan as demandas e non outros intereses.

Valorase positivamente a asemblea é moi importante que a xente axude a tirar polas distintas propostas.

A continuación recollense mais intervencións sobre necesidades do barrio:

- Suxiren o cambio das árbores na rúa Alegre pois son demasiado altas e tocan nas casas.
- Dotar ao Centro Cívico de material, pantalla, canón así como de persianas, cortinas ou estores que impidan a entrada da luz e permitan facer proxeccións.
- Control, vixilancia e seguimento das obras do Plan Urban (por exemplo na rúa Pintor Máximo Ramos existen problemas coas alcantarillas).
- Situación das rúas e control das cacas do cans. Control e multas.
- Creación dun centro de atención sanitaria.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 20:50 horas.

O concelleiro delegado da área de
Participación, Novas Tecnoloxías
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro